

2. FUNDACIÓNS PARA A XESTIÓN DA INVESTIGACIÓN SANITARIA

As fundacións para a xestión da investigación sanitaria galegas son as **entidades xestoras dos institutos de investigación biomédica**, aínda que en xeral o seu ámbito de actuación é máis extenso.

Son fundacións de natureza pública, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia dedicadas á promoción e á xestión especializada da investigación na contorna sanitaria galega cun enfoque integral: científico, económico, organizativo e de capital humano. Isto inclúe o soporte en todas as fases da cadea de valor da investigación, dende a optimización na súa captación de financiamento ata a xestión de ensaios clínicos ou de recursos humanos, pasando polo apoio na difusión de resultados, a súa transferencia e a súa potencial comercialización.

En coordinación con ACIS, cumpren un papel moi relevante na **transferencia á sociedade dos resultados da investigación**, actuando como canalizadoras deste proceso nas súas respectivas áreas territoriais:

- **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela.** O seu labor é prestar soporte aos profesionais sanitarios e investigadores dos centros e hospitais de:
 - As Áreas de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Lugo-Cervo-Monforte.
 - Os grupos integrados no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).
- **Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur.** Presta apoio e asesoramento aos profesionais sanitarios e investigadores dos centros e hospitais de:
 - As Áreas de Xestión Integrada de Vigo, Pontevedra-O Salnés e Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras.
 - Os grupos integrados no Instituto de Investigación Biomédica Ourense-Pontevedra-Vigo (IISGS).
- **Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC.** Dá soporte aos profesionais sanitarios e investigadores dos hospitais e centros de saúde de:
 - As Áreas de Xestión Integrada da Coruña e Ferrol.
 - Os grupos integrados no Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC).